

**Sta. Mariña de Augas Santas constitúe un atractivo conxunto histórico, artístico e paisaxístico no que se mesturan historia, tradición e lenda.**

A tradición nace vinculada á existencia e martirio de Mariña, natural da Limia (segundo as fontes historiográficas), que na época de Adriano se resiste aos desexos dun prefecto na Cidade de Armea, chamado Olibrio, que utilizou todo tipo de estratexias para vencer a súa resistencia, incluída a cadea, o xuízo e o castigo. Pero nada deu resultado ante a férrea vontade da moza, nin o látego, nin os garfos, nin o diaño en forma de dragón... Condenada a morrer abrasada nun forno próximo, sairá viva grazas a San Pedro que a deixou á beira dun estanque. Finalmente, o prefecto ordenou que lle cortasen a cabeza, que foi tallada dun golpe, pero botou tres veces, manando unha fonte de cada bote. No lugar no que foi enterrada xurdiu un templo, no que ningún máis foi soterrado.

A presenza de restos castrexos e romanos na zona (Calzada Romana ou a Cidade de Armea) foi aproveitada pola tradición para vincularlos ao martirio da Santa, engadíndolle posteriormente outros elementos como a Santa de Pedra (do século XVIII) ou o Carballo da Santa (xa desaparecido) e impregnando todo o conxunto dun sentido cristián.

Monumentos, fontes, árbores e lugares constitúen así o pano de fondo dunha lenda que segue viva, enraizada en tres elementos fundamentais: paisaxe, pedra e, por suposto, auga.

## SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS

Poboación: 223 habitantes (2007)

Situada a 6 kms. de Allariz entre os montes de Armariz e o dos Canteiros, entre os vales do Río Arnoia e o Río Barbaña.

Freguesía composta polos lugares de Santa Mariña, Ducí, Laioso, Outeiro de Laxe, Souto, Tosende, Turzáns, Vila, Armeá e Pazo

No ano 1931 foi declarado Monumento histórico artístico o entorno da Igrexa de Sta Mariña e no ano 1963 a comarca Conxunto Histórico-Artístico.




### ALOXAMENTOS

Casa de Turismo Rural Augassantas


Tlf. 988 442 150 E-mail: [reservas@augassantas.com](mailto:reservas@augassantas.com)

[www.allariz.com](http://www.allariz.com)



# Santa Mariña de Augas Santas

# Plano de Sta. Mariña de Augas Santas



## 1. Igrexa e Mausoleo da Santa

O descubrimento da tumba da Santa sitúase no reinado de Afonso II, o Casto (759-842).

## 2. A Fonte

Unha das tres que segundo a lenda brotaron ao rebotar a cabeza da Santa tras o seu martirio. Data de 1840.

## 3. Pazo de Verán do Bispo e Capela de Sto. Tomé

Foi encargo de Muñoz de la Cueva a principios do s. XVIII. A capela alberga a primeira fonte do martirio da Santa.

## 4. Basílica da Asunción e os Fornos

Foi declarada conxunto monumental en 1955. Comezou a construirse a finais do s.XIII promovida polos Templarios. Debaixo desta basílica atopase a cripta.

## 5. Piouca da Santa

Situada ao pe do Castro de Armea, segundo a tradición, aquí arrefriou o corpo da Santa Mariña unha vez que San Pedro a rescatara do forno.

## 6. Calzada Romana

Trátase dunha derivación da Vía XVIII do itinerario de Antonino. Na Idade media foi utilizada polos peregrinos que percorrían a Ruta da Prata.

## 7. Peto das Ánimas

O peto está ligado ó culto ós mortos e a devoción polas "ánimas" para que acaben no ceo e intercedan polo oferente.

## 8. Santa de Pedra

Segundo a tradición, o penedo sobre o que se asenta con forma de oído sempre ten auga curadora. A figura da Santa data de 1790.




Igrexa e Mausoleo da Santa



Fonte



Pazo de Verán do Bispo e Capela de Santo Tomé




Basilica da Asunción e Os Fornos



Piouca da Santa. Castro de Armea



Calzada Romana



Peto das Ánimas



Santa de Pedra

